

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

23

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIONS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

MARZO

Cero Tolerancia á discriminación

L	M	MÉ	X	V	S	D
					1 Día da cero discriminación	2 Día mundial do benestar Mental para Adolescentes
3 Día Mundial da Vida Silvestre	4	5 Día Internacional para Concienciar sobre o Desarmamento e a Non Proliferación	6	7	8 Día Internacional da Muller	9
10 Día Internacional das Xuizas	11	12	13	14	15 Día Internacional para combater a Islamofobia	16
17	18	19	20 Día Internacional da Felicidade	21 Día Mundial da Síndrome de Down	22 Día Mundial da Auga	23 Día Meteorolóxico Mundial (OMM)
24 Día Internacional do Dereito á Verdade en relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos	25 Día internacional de Solidariedade cos membros do persoal detidos ou desaparecidos	26	27	28	29	30 Día Internacional de Cero Refugallos
31						

CHAVES DESTE NÚMERO

Dereitos Humanos, Manternos Unidos fronte a discriminación

O Día da Cero Discriminación, que se celebra o 1 de marzo, pon de relevo a urxente necesidade de adoptar medidas para poñer fin ás desigualdades. O seu obxectivo é promover a igualdade, a inclusión e o respecto pola diversidade, independentemente da raza, xénero, orientación sexual, relixión, discapacidade ou calquera outra condición.



Segundo a ONU os provedores de atención médica e apoio comunitarios son esenciais na resposta ao VIH, especialmente cando falamos da súa misión por garantir que todas as persoas que están afectadas polo VIH sexan tratadas con dignidade e respecto.

"Se defendemos os dereitos de todas as persoas, poderemos alcanzar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e garantir un mundo máis seguro, máis xusto, máis amable e máis feliz para todos". Mensaxe de Winnie Byanyima, directora executiva de ONUSIDA, con motivo do Día Internacional da Cero Discriminación de 2025, 1 de marzo.

Por este motivo, no Día da Cero Discriminación, ONUSIDA fai un chamamento aos países, para que cumpran os seus compromisos e se unan para apoiar ás comunidades no seu traballo para crear respostas sostibles ao VIH.

Cada ano, a xornada conmemórase con campañas, actividades e eventos que chaman á tolerancia, o respecto e a igualdade de oportunidades para todos. [+Info](#)

XORNADAS

Congreso de Divulgación, Transferencia e Impacto Social da Ciencia (CoDi)

A Universidade de Vigo e Ediciones Profesionales de la Información, SL organizan o Congreso de Divulgación, Transferencia e Impacto Social da Ciencia (CoDi) os días 12, 13 e 14 de marzo no campus de Ourense.



O CoDI 2025 representa unha oportunidade única para reflexionar sobre a importancia da divulgación e transferencia do coñecemento científico e o seu impacto na sociedade, promovendo unha ciencia máis aberta e accesible para todos. É precisa a inscrición previa [neste enlace](#).

FORMACIÓN

Boas prácticas na xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento

A Coordinadora Galega de ONGD organiza este curso de boas prácticas que ten como obxectivo principal fortalecer as capacidades técnicas e amosar boas prácticas na identificación, formulación, seguimento e xustificación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

O Curso diríxese de maneira preferente a ONGD socias da Coordinadora con menos percorrido ou aquelas que queiran compartir e aprender doutras experiencias de traballo. Tamén está orientado a equipos técnicos ou voluntariado de recente incorporación nas ONGD galegas. [+Info](#)

II Xornada Igualdade para o alumnado estranxeiro


A Universidade de Vigo organiza a segunda edición da Xornada de Igualdade para o estudiantado internacional, que ten como obxectivo fortalecer a conciencia colectiva e dotar as persoas asistentes de ferramentas prácticas para previr e actuar fronte á violencia machista no ámbito universitario. Baixo o lema *Avanzando en igualdade: construíndo unha UVigo libre de violencias machistas*, a formación corre a cargo da experta Bárbara Tardón Recio e está organizada pola Vice-reitoría de Internacionalización.

É precisa a inscrición previa [neste enlace](#).

Mulleres que lideran a empresa actual e futura

A xornada "Mulleres que lideran a empresa actual e futura" celebrarase o 10 de marzo de 2025 no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo.

Nesta cuarta edición, reunirase a destacadas mulleres líderes do ámbito empresarial para compartir as súas experiencias, retos e estra-
texas no mundo dos negocios. [+Info](#)



EVENTOS

Actividades que realiza a Universidade de Vigo polo día internacional da muller 2025



A Universidade de Vigo convida a comunidade da UVigo ao acto institucional organizado para conmemorar o Día Internacional da Muller. A cita foi o xoves 6 de marzo, ás 12.00 h, no salón de graos do Edificio de Facultades do Campus de Ourense. [+Info](#)

Programa de actos en marzo con motivo do 8M- Día Internacional das Mulleres

O servizo de Igualdade do Concello de Vigo, en colaboración co Consello Municipal da Muller, organiza en marzo na cidade un programa de actos con motivo da conmemoración do "8 de marzo", Día Internacional das Mulleres.

Diferentes espazos da cidade acollerán en marzo unha numerosa e variada programación: proxeccións de filmes, representación de obras de teatro, recital de poesía, actuacións musicais, contacontos, Visita guiada polo Roteiro feminino Sons de Mulleres, Pleno específico do Consello Municipal da Muller e o acto de entrega do X Premio de Igualdade "Ernestina Otero" a África González Fernández. [+Info](#)



O racismo, xenofobia e discurso de odio en Galicia



O próximo día 21 de marzo, Día Internacional pola Eliminación da Discriminación Racial celebrárase un encontro pola organización SOS racismo Galicia con diversas entidades do ámbito para dar a coñecer a situación real da xenofobia, racismo e discurso de odio en Galicia, así como, un espazo de debate onde se poderá intercambiar opinións, achegas e maneiras de construír outras realidades. [+Info](#)

Feria Ecolóxica BioCultura en A Coruña

A Feira Ecolóxica "BioCultura" celebrárase os días 8 e 9 de marzo de 2025 en Galicia, reunindo arredor de 110 empresas e entidades dos sectores de ecoturismo, alimentación ecolóxica, eco-cosmética e moda sostible. O evento busca promover un estilo de vida máis saudable e respectuoso co medio ambiente, ofrecendo actividades, charlas e exposicións sobre consumo responsable.. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Bolsas de Mobilidade en proxectos de cooperación curso 24/25

Por medio desta bolsa o estudantado de grao ou mestrado oficial da Universidade de Vigo poderá realizar unha estadía vinculada a un axente de cooperación no marco dun proxecto ou acción de cooperación nun país dos sinalados nesta convocatoria, e que o traballo que desenvolva sexa validado no marco de traballos de fin de carreira, prácticas, ou traballos recoñecidos no marco de materia.

O obxectivo desta acción é a sensibilización do estudantado a través da súa participación nos proxectos de Cooperación internacional para o Desenvolvemento, co fin de que integren elementos teóricos e prácticos adquiridos na súa formación académica e contribúan como universitarios e cidadáns comprometidos cos retos globais contidos na Axenda 2030. [+Info](#)

FAI VOLUNTARIADO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Axenda 2030. Axentes de cambio 2025

No marco da promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e a Axenda 2030, a Universidade de Vigo leva a cabo unha iniciativa de voluntariado. [+Info](#)

As persoas voluntarias darán a coñecer a Axenda 2030 entre o estudantado da Uvigo a través dunha serie de actividades. Durante este mes de marzo, as axentes do cambio realizarán actividades nos tres campus. Anímate a coñecernos e a participar nas actividades participativas que organizan, ampliarás os teus coñecementos sobre sustentabilidade mentres te divertes.



As actividades realizaranse nas seguintes datas e localizacións:

- Martes 11 de Marzo: Facultade de Enxeñaría Industrial Sede Campus. Vigo.
- Luns 17 de Marzo: Facultades de Comunicación e Xestión Pública. Pontevedra.
- Martes 25 de Marzo: Edificio de Ferro. Ourense.

Apoio nos obradoiros de estimulación para persoas con Alzheimer en fase leve

AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia) busca establecer un espazo de colaboración voluntaria para apoiar os obradoiros de estimulación cognitivo-funcional dirixidos a persoas con Alzheimer en fase leve. O obxectivo principal é proporcionar soporte ao persoal técnico de atención directa nestes obradoiros, contribuíndo ao benestar e mellora da calidade de vida dos participantes. Esta iniciativa tamén busca reforzar o compromiso de AFAGA na atención e apoio ás persoas afectadas por esta enfermidade. [+Info](#)

Coñece máis programas de voluntariado.

Neste [enlace](#) podes coñecer todos os programas de voluntariado nos que podes colaborar.

Como inscribirse nos programas de voluntariado:

- A universidade de Vigo ten unha plataforma online onde se publican as convocatorias de voluntariado. Pódese acceder a través da súa páxina web oficial.
- Revisa as distintas opcións de voluntariado dispoñibles, onde se detallan as actividades, requisitos e prazos de inscrición.
- Unha vez elixido o programa que máis che interese, deberás completar un formulario de inscrición.
- Algúns voluntariados requiren que realices unha formación inicial ou unha reunión informativa antes de comezar as actividades.
- Unha vez aceptado no programa, recibirás a confirmación e as instrucións necesarias para comezar o voluntariado.

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Farmacéuticos Mundi (Farmamundi) é unha organización non governamental fundada en 1999, que se dedica a mellorar o acceso a medicamentos e atención sanitaria en países en vías de desenvolvemento. A súa misión é garantir a equidade sanitaria, especialmente en zonas empobrecidas onde as persoas carecen de acceso a tratamentos médicos básicos. A organización traballa a través de proxectos de cooperación internacional, apoiando a mellora das infraestruturas sanitarias e proporcionando medicamentos a aquelas comunidades que máis o necesitan.

Un dos principais eixos de actuación de Farmamundi é a loita polo acceso universal a medicamentos. Tamén aposta pola educación para a saúde, buscando sensibilizar e formar as comunidades en prácticas de hixiene, nutrición e prevención de enfermidades.



A través de talleres e programas educativos, a organización empodera as persoas, proporcionándolles as ferramentas necesarias para mellorar a súa saúde e benestar, e ao mesmo tempo, fomentar unha cultura de saúde colectiva e duradeira. [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

A UVigo advirte do impacto dos servizos de saúde dixital na equidade [+Info](#)

Ourense acollerá a primeira edición do Congreso de Divulgación, Transferencia e Impacto Social da Ciencia (CoDi) [+Info](#)

Universidade e terceiro sector exploran vías de acción conxunta [+Info](#)

Enxeñaría de Minas e Enerxía pon en marcha unha iniciativa de cooperación educativa cunha escola do Sáhara occidental [+Info](#)

'Todas somos ciencia' reivindica no Marco a diversidade de roles na investigación [+Info](#)

A UCC+i convida á cidadanía a identificar e fotografar a biodiversidade da flora e fauna do campus de Vigo [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)